

POEMAS A CARMEN BLANCO

POEMAS P A R A CARMEN BLANCO



LIBROS DA CEBRA



Carmen Blanco

por Sara Lamas



LIBROS DA CEBRA

Cubertas de *Poemas para Carmen Blanco* (2010)

DE LUZ POZO GARZA



Carmen Blanco e Luz Pozo Garza, na casa desta na Coruña

UNHA CAMELIA AGORA

Para Carmen Blanco

Unha camelia agora sobre a liña indecisa
entre a vida e a morte
Unha camelia agora
despois outra camelia
coma os pasos dun fillo
Un naufraxio maior devólvenos o pranto
desde o inicio das aves
A camelia virada
para despois da vida
Unha lágrima agora
despois outras ausencias
no país da invernía que coñeceu a fame
Unha conversa chega coma un salmo
A camelia fechada
para despois da morte
Camiñamos por riba da indecisión das formas
que non che neguen nunca a lucidez da flor

(De *Vida secreta de Rosalía*, A Coruña, Espiral Maior, 1996)

VOLVER A LUGO CANDO SOSEGA O TEMPO*A Carmen e Claudio*

Volver a aquela primavera que fuxía das mans
 algunha verba en soedade
 algunha noite coma un sopro
 sobre das almofadas húmidas de silencio.
 Volver a ollada lonxe en vidas sucesivas
 nomear ese río que chamamos pasado
 a palabra inmediata que vén dunha certeza de muralla
 non poder esquencer pórticos descubertos ou azuis
 ignorados
 que foran presentidos nun poema de Luis Pimentel
 na forma de recordo que precede á existencia.
 Na excesiva demora
 alguén pechou os ollos a falta dunha imaxe clemente.
 Na memoria do tempo pasan brisas mutables.
 O que existiu ben puido ser soñado ou talvez predecido
 acaso precisado nesa reminiscencia
 que permite asumir escuras profecías.
 Volver á primavera que fuxía
 nun xeito de mudanza repentina
 conciliar os espazos os lamentos
 as últimas palabras dun recinto secreto
 poder ouvir cando sosega o tempo unha fuga de Bach
 nun violín invulnerable e mudo.


(De *Códice Calixtino*; dedicatoria en *Historias fidelísimas*,
Santiago de Compostela, Pen Clube, 2003)

EN SEGUIMENTO DA SOMBRA*Para Carmen Blanco*

Ela seguía a falar da súa historia
 ou da morte dos fillos
 e as palabras caían perfectamente desoladas
 como a pedra na sombra
 ela era aínda nova para morrer
 e aniquilaba o sexo consumida no triste
 revelado dunha páxina inmóbil
 que iría para gloria pero ela non sabía
 ela en cambio sabía dos silencios en ruínas
 en runas e rumores
 neses silencios cómplices que desgonzan a vida
 polos vértices puros

e quería saber interrogando ós mortos
 quizais xa devastada a exhalación das altas
 primaveras sobre unha lingua en chamas
 os días foron breves e a dolor
 transcendía sobre o que alenta pero non se ve
 entre a vida e a morte
 agora abala o vento entre os escuros faiados do medo
 pois ela viu bater aquelas aves con pedra
 de heliótropo e outras adversidades
 nos aleiros da noite
 mais habería un tempo no que falou do amor
 sentiría daquela os matices do exceso
 que traspasan as almas fermosísimo
 fermosísimo Sar cando comeza
 pero nada dicía
 que era tarde e nevaba no corazón deshabitado
 e todo era misterio
 na condición da patria para abrochar a flor
 ela facía un pranto de potencias furtivas
 dos altísimos ramos
 xentes desvencelladas dunha fala instintiva
 sen mencionar liñaxes
 ocultamos o nome que nos fire por dentro
 tal vez un froito acedo / un xuramento / un cravo
 ou talvez a palabra
 de esconxurar a sombra do córpore insepulto
 ela deixaba escrita a historia escura
 da muller
 con palabras de vida

(De *Memoria solar*, Ourense, Linteo, 2004;
 pertencente ao ciclo de *Vida secreta de Rosalía*)



Debuxo "Carmen-Gioconda-Rosalía" de Luz Pozo Garza

PLÉYADES (OLGA NOVO FILMA EN RENNES A CONSPIRACIÓN DE CLAUDIO-CARMEN)

Vin a derradeira Lúa caer
do ceo

Vin incendiarse a Terra

Vin as míticas Pléyades
cando fuxían polo firmamento
do teimudo cazador Orión

As sete fillas de Pléyone

Vinas fuxir de Orión
cando eran virxes e princesas

Vinas entrar en Tauro
no seu zodíaco consteladas de pena
todas chorasas e demelenadas

Perderan o tocado de ouro puro
e perlas mouras
as mais prezadas que se viran nunca

Maya conserva a fita de platino
Alción leva rachada a túnica á altura
das sofraxes

Taicete tiña cabeleira vermella
con reflexos dourados e violeta
o mesmo a fermosísima Celeno

Mélope extraviara nos espazos celestes
as sandalias de raso azul e de diamantes

Estérope ía espida de pé e perna

Contáronme chorando
que perderan na fuga á amada Electra
A irmá tan fascinante podería ser flor

Cando eu as vin aínda
non chegaran noticias fidedignas desta perda...

(De *Deter o día cunha flor*, A Coruña, Baía, 2009)

CARTA DE BEATRICE VÍA-LÁCTEA

*a Carmen Blanco
e Claudio R. Fer*

1

...foi entón cando Dante me tomou polo van
na idea beatífica dunha fuga celeste moi secreta
pero que se anunciaba nos máis altos designios das esferas
Mentres me arrebatava unha luz moi preclara
como de rosas nosas dun tacto indefinido
chegaba destinada dun sínodo celeste e vin soles e lúas
o espírito da luz sobre un vieiro santo que remata
no espazo das fisterras e vin pontes e cúpulas e tebras
moi sutís e un derradeiro río semellante a unha cítara...

2

Vin a flor diamantina e a entidade da morte
e o enigma das palabras nun códice miniado
e a conspiración última preto de Compostela
e todo se tornaba en himnos e pregarías
nunha chama solemne de profundis e coros de te deum
que desgaxaba a alma e facía chorar a benaventuranza
e pasaba unha luz como de lumarada por enriba dos ollos
e nunha voz unánime as mil linguas soletreaban o ultreia
camiño de Santiago

3

E revelouse en min a comunión das almas
e a vida dun delirio perdurable
e acordei coa doutrina clemente da memoria:
Amor que me levabas na evolución do liño
na posición do lume
O meu Dante está morto
baixo dun alcipreste
no fonal dalgún claustro
en penumbra dunha aldea perdida
Aínda gardo a gozosa visión daquel libro que conta a nosa
vida
ía escrito en memorias de luz en outonos de amor
Amor que move o sol e outras estrelas...

4

E agora que vou dando ó vento o meu lamento
e chove lentamente como levar unha ave na mirada
en tempos de infortunio camiño de Santiago...
Vólcome ó Paradiso
Vólcome ó Paradiso
Vólcome ó Paradiso

(De *Deter o día cunha flor*, A Coruña, Baía, 2009)

PRAIA DAS CATEDRAIS

A Claudio e Carmen Blanco

Non me afastes de ti
pídocho meu amor:
detén o tempo
Detén solsticios e galaxias
Detén as fases do minguante
dunha Lúa elusiva que preside os amores
Detén o ciclo das mareas
detén as ondas que suplican na noite
e fan das puras rochas catedrais delirantes
Naquelas praias voluptuosas de nomes
esquecidos
onde as parellas míticas se aman
Li Yian
canción
serea
Carmen xardín ou rosa
non te afastes de min

(De *Deter o día cunha flor*; dedicatoria en *Poetas con Valente*,
Santiago de Compostela, Cátedra Valente da USC, 2010)

ASTROLABIO

Para Claudio e Carmen, Xardín do Bosco

EL:

Imposible dicías
que esta sequoia dun amor sen morte
conserva o ritmo que foi música nosa
hai un millón de estrelas
Sempre no paraíso...
bosque que nunca omite a textura dun lirio
depositou na vida o seu asombro
no secreto proceso dos teus labios
todo verso de meu
Carminis
ninfa
muller ou caligrama
ao reverso da noite
como un soño

Mentres che encontro o nome doutra rosa
máis dúctil

ou máis fiel á túa condición de lume e mito
ti has ser muller
a Tigridia pavonia
na forma dun gladiolo
na idade da fisión do número apoteótico

Cabeleira da mar en estado de púrpura
Cabeleira dun vértigo
propagado nas ondas
vulnerables
aos influxos celestes
vulnerables
celestes
vulnerables

ELA:

Amante que me incendias no solsticio
dunhas mil e unha noites de coral e obsidiana

Astro no labio en flor das hidromeles
voluptuosas
precipítame
nesa incandescencia

Dáme as pléiades lentas
nesta boca ferida en conxunción holística
acibeche
no seu fulgor triunfante

Dáme o zafiro azul que nos convoca
conclave
compulsivo

chámame na baía
ou nos espellos nós / catedrais delirantes
ou nas rías abertas boca a boca

e improvisa despois nun mítico xardín
no corazón astral
dun Bosco blues...

Sempre serás un sol vermello e milenario
un delirio abisal
a piques de estalar

sabes que eu son a espléndida galaxia
na orxía primordial das túas ondas

cando chamas por min
cando chamas por min
no xardín sideral que nos
convoca
amor
boca con boca

(*Clave Orión*, núms. XVI-XVII, Santiago de Compostela, 2009-2017)



Carmen Blanco e Luz Pozo Garza preparando a edición conxunta de *Códice Calixtino* en Lugo



Luz Pozo Garza e Carmen Blanco presentando o libro *Luz Pozo Garza: A ave do Norte*, debido a Carmen Blanco

DE XOHANA TORRES



Carmen Blanco e María Xosé Agra nunha homenaxe a Xohana Torres

¿QUE ÁNIMOS ME CONFIREN AS SOMBRAS DISFRAZADAS DE ARAOS?

A Carmen Blanco, desde Monteferro

¿Que ánimos me confiren as sombras disfrazadas de araos?

¿Que me ocorre nas noites propicias ao insomnio?

Sen que ninguén o impida son a dona dos mapas,

anego estancias, adiántome aos eclipses,

entro nas furnas, torno baluartes,

vulnero espacios onde os peixes se moven,

secretos que se gardan nos reloxios de area,

rexións navais, un perfume de algazos...

A noite é sempre grande para o meu corazón.

A noite que convirte en brazos ás columnas.

A noite que me brinda un esplendor de roces.

Deixo o meu corpo quieto pola beira

igual que durmen polo chan os pastores.

(De *Valdeleite*, nº 0, A Coruña, 1999)



Taza autógrafa feita por Xohana Torres e regalada a Carmen Blanco

DE MARTA PESSARRODONA



Marta Pessarrodona e Carmen Blanco ante a rúa da Tinería na muralla de Lugo

CARMEN BLANCO

Transmite un certo enigma: o da súa terra, que é Galicia. Militou e milita como galeguista, como feminista e como amiga. Está casada coa poesía e ten unha filla. En realidade non quería casar, porque é de certa xeración, de certas lecturas, de certas malas compañías. Mais, facéndoo, enfiou cara á poesía. É fermosa coma a muralla onde foi nacer, que é Lugo. Imaxino que a atrapa a beleza e a molesta a presunción física. Descoñezo se ten unha vasta formación grega, imaxínoa porén moi sabedora da *hubris* divina. E por moitas razóns, pois combina á perfección a estética coa ética, o físico co intelecto e, para redondealo, con cátedra, marido e filla acada un conxunto de absoluta harmonía. Coñecina en Compostela nunha primeira visita. Acompañábame unha nai nova mais xa doente. De entón conservo, presente seu, unha María das Batallas, aguerrida. Naquela ocasión, entre homilía wolfiana e sermón bloomsburián meus, ela e máis o seu daquela *soupirant*, un poeta de ollos claros e nomes que riman, novos ambos os dous e recentemente licenciados, falábanme de Galicia e da súa extraordinaria poesía. Reencontreina na miña segunda visita, como conferenciante e xacobeá, apenas enxugada unha bágoa filial na rúa do Vilar, diante do Gaiferos, na lembranza dun xantar outrora compartido con eles e a miña nai. Despois, Lugo (hai testemuño gráfico), e unha nova vontade miña: a de manter a súa amizade coma unha muralla porque a dela, persoal e cidadá, envolve e non, non limita.

(De *Fauna*, Barcelona, Thassàlia, 1994)
(Versión galega do orixinal catalán de María Lopo)

DE OLGA NOVO



Carmen Blanco, Luz Pozo Garza e Olga Novo

UVA PLANETARIA

Para Carmen

chegaches tan lila reverberando o canto
a mans.
toda voltexada de lúa case sen órbita
eras ó carón.
esparexida en presadas coma o pan
no Maio.
uva planetaria dos ritos esganifada,
abrochas xenerosa e mineral
denantes do espacio e da auga,
pastora.
es ouveada e acendida,
tribal nena tremenda
chegaches tan lila reverberando o canto
a mans.

(De *Nós nus*, Vigo, Xerais, 1997)

é coñecer a vida.
 (Se eu fun tantos homes
 como mulleres tiven
 contigo funos todos
 máis os que siga a ser
 que nunca tantas vidas
 vivín como convivo).

E navegar
 navegueite nas ondas
 lingua quente de lingua
 saliva e boca
 para ardente gozarte
 morena espléndida
 e fermosa
 río de orelas curvas
 e cabeleira inmensa
 a linguaxe do corpo nos apreixa
 dende o van meneado
 a contactos de pube
 e a latexos de peitos
 a saloucos
 a espasmos
 que se abren como labios
 ou pestanas que avantan
 longuísimas dende o alén
 e exuberantemente
 poste de cornamusa
 entregue de cu e melena
 tempestuosamente perdida
 polas costas de mármore
 bombardas como nádegas
 e pandeiros batidos
 desfeita en arxila clara
 auga de barro mol
 e voltas perfecta e dura
 íntegra de cuarzo e vidro
 poñéndote de arpa celta
 lóstrego nas estrelas
 abandonado o teu pube
 como zanfona nas tetas
 trémula de anís
 e mel quente
 e melosa
 e augardente
 e filloa
 e cántaro de vidrados
 galaxia de curvas moles

espiral de vaxina zumosa
 gacela trotando enriba
 a estoupar acitolada
 para acabar chegando
 fazula
 meixela
 bágoa
 acesa como mapoula rubia e como estrela
 ou como unha queimada que se apaga violeta
 no múltiple alustre no que estoupas vermella.

(E despoixas te apegas
 como a lapa
 como veludo desfaste
 sen ósos nin dentes
 e voltas tímida
 miña meniña miña
 tenra doce mimosa
 como un aloumiño
 ou amora noviña
 amareite tamén
 chorima murcha ruguiña
 cando sexas velliña).

Ti es símbolo de vida e signo de natureza
 Galicia
 enteira vida plena e total compañeira
 que só poden cantarte
 os versos de Neruda
 ou Torneol
 que dicía nas molladas mañás frías
tódalas aves do mundo de amor cantaban
 e por ti as fontes e os ramos
 ledos estaban
 e sorrían.

Aquela que máis quero
 como se antano dicía
 nas luzadas harmónicas
 amada namorada
 dos homes que fun só quedou un amante
 e só a ti ameí máis do que xa amara
 e só a ti amarei máis do que xa ameí.

E nunca fun máis eu que cando ameí.

(De *Poemas de amor sen morte*, Granada, Antonio Ubago, 1979)

ALÉN

*A ti, Carmen, compañeira,
por todos estes anos de unión libre*

Cando
 nos abrazamos
 imos
 a outromundo
 onde
 nos abrazamos
 e marchamos
 a un transmundo
 onde
 nos abrazamos
 e onde quizais só
 nos abrazamos.

(De *Tigres de ternura*, Santiago de Compostela,
 Reprografía 1846, 1981)

POÉTICA DE ARACNÉ

Como Aracné tecía os amores de Zeus
 así teu corpo escribe os meus versos de lume.
 Convertida en araña continuou fiando
 como vós na lembranza verdedes no outono.
 Aracné é Helena tecendo o que por ela
 Penélope destece mentres agarda o fin.
 Aracné é Lesbia amando obscenamente
 a Catulo o poeta. Aracné é Beatriz
 camiñando con Dante ou Laura namorando
 a Petrarca nesa arca secreta
 que é o poema en que a Lisi
 fixo Quevedo eterna na poeira do tempo.
 Aracné é Diótima desvelando a Platón
 e Cósima celebrando o ritual de Wagner:
 aquela Margarida que rexuenece a Goethe.
 Cando Aracné se viste cos ollos de Elsa
 a cabeleira de Carmen e o van de Lili Brik
 o poeta e a musa o pintor e a modelo
 semellan a Picasso Neruda e as amantes.
 A pluma e o pincel sempre describen
 os ocultos designios que Aracné non coñece
 e que revela o lenzo e que revela o folio
 labirintos de signos estelares e abertos.
 Aracné es ti que coas túas ondas
 escribes os meus versos e encandéasme a vista

manipúlasme as mans e fasme dicir todo
 o que en verdade falo mentres me sinto vivo.
 Por ti que existo sei intensamente
 e o único que importa permanece.
 Eu creo que vogo firme o meu veleiro
 pero o mar é o amor e as ondas símbolos
 que Aracné debuxou insinuante
 no tapiz do universo en que eu habito.

(De *Historia da lúa*, Vigo, Galaxia, 1984)

LIQUE

Calada en armenteira a paxariña
 observo ao microscopio ameba infinda
 os séculos transcorren en segundos
 descubren as pandoras universos multiformes
 Galicia esperta en min e nace venus.
 Seguindo os labirintos de mogor
 non sei quen foi a rocha e quen a lapa.
 Das álbidas pandoras xorde xabre
 espuma dos mares que se perden na mirada
 e todo ten a forma da vieira.
 O meu verso de oucas e de fungos
 repite en espiral ás caracolas
 que a praia da lanzada ti es soa.
 Muller de ebúrneas curvas bañadas polas ondas
 e amado litoral de auga oceánica
 por ti son sal cristal vento mariño
 todo o que arrodea e todo o que asolaga
 ourizo que agarima calindornas
 paixón universal protozoaria.
 A auga de que vimos e volvemos
 arrola o noso amor doce e salvaxe
 igual que a túa inmensa cabeleira
 se prolonga no bris.
 O teu corpo de mármore e molusco
 recende a marusía e sábeme a cigala.
 Mareiras que nos funden e confunden
 espallan polo cosmos plenitudes
 e somos os amantes do universo
 en nenúfares de plancto ouca e lapa.
 Galicia nación de musgos e de liques
 durmida permanece no traballo.
 A ostra e o coral e o caracol listado
 acóllenme fecundo como o néctar
 zugando o meu polen liliáceo:
 o teu ventre de arume e de placenta

alberga un xerme quente e plácido
 feliz cal paporrubio entre petunias.
 Candeal o meu desexo arde e procrea
 como a abella se alimenta e poliniza.
 Anémona telúrica poema ou carmen
 sabes por tundras estepas e sabanas
 que a nosa natureza non se acaba connosco
 e somos tropicais mariños subterráneos
 pais da abidueira e fillos do sobral.
 Filamentos de lique musgos foliáceos
 arborescentes fentos que agachan donicelas
 lontras que esvaran na ribeira
 estrelas de mar que vimos camiñar por tanta praia
 todo se congrega todo espora todo aniña
 no teu cabelo de femia borealísima
 e andares de lamprea.
 Poema que en ti lique me converte
 eu sei do vello souto das violetas
 e do carballo antigo e milenario.
 O mesto bosque sacro onde nacemos
 ten tantas pedras sabias como árbores
 e mesmo na máis enxoita gándara
 encontro o nome a verba o punto exacto
 do meu coñecemento. E ti es flora e fauna
 como fada faxeira e albariña.
 Substrato mineral verba animada
 adosado como o lique que se incrusta
 agromo foliáceo e arbustivo
 e canto e canto e canto a natureza
 en ti deusa Afrodita ou Venus partisana.

(De *Historia da lúa*, Vigo, Galaxia, 1984)



Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer en Venecia

VERMELLA CON LOBAS

*A Carmen Blanco,
polo amor sumado
e polo amor multiplicado.*

AXEITOS

No principio tamén foi a cova
que as lobas encheron de vida.

BORNEIRO

Saudade de amavros
femias na prehistoria.

DOMBATE

A vaxina de pedra
desenxendra a morte
enxendrando dentro.

CERQUEDA

Pedra da arca
na arca de pedra.
Encarnación mineral.

FADAS

Existen,
porque encantan.
Porque encantan,
existen.

ALDEMUNDE

Augas primordiais
nas brañas do carregal.
Labregas milenarias
sementando canto hai.

TORDOIA

Casa da Moura.
Onde vós, núas,
xa morabades.

VIMIANZO

Pedra Cuberta de Treos.
Casota de Freáns en Berdoias.
Casa dos Mouros de Baíñas.
Petróglifos do monte de Boallo.
Pedras, lendas, nomes, mans

e a erótica de descubrir xuntos.

COSTA DA MORTE

Percorrer a costa
como o litoral do corpo
e ficar en cada illa.

BARDA

As lobas de mar
trouxéronnos,
lonxe dos bardos,
á praia da Barda.

MALPICA

O mar atravesando as vidas
entretecidas polas redeiras
que a tecen e destecen no porto.

PUNTAS

Abertas sen límites ao vento
de Punta Nariga ata o Roncudo.
Abertas sen límites ás praias
do Rostro e do Mar de Fóra.
Espazo e tempo sen límites.

ILLAS

Sereas nas Sisargas.
Estrelas de mar
na illa da Estrela.
Extremos éxtases.

FAROS

Máis alá de Fisterra.
Máis entouriñados
no Cabo Touriñán.
Máis alá de nós.
Máis alá do alto
do Cabo Vilán.
Máis.

FISTERRAS

Viaxes sen fin
cara ao último crepúsculo
no bico das anduriñas.

MUXÍA

Pedras para voar,
nubes para navegar.

ENCAIXES

Nadando nos mares
dos encaixes da xerfa.

MILLO

Abolición do eu
no bosque das mazarocas.

VULVAS

Fendas salobres
da pedra batida
polo mar na rocha.
Nin vós sen min,
nin eu sen vós.

BUÑO

Baleiro arrodeado de barro.

GARZAS

Voaban cando nadaban.
Nadaban cando voaban.
Eu era mar e firmamento.

AVES

As aves do paraíso
tamén son elas.

VERDES

Muíños e mulleres
na auga orixinaria.
Verdes como a vida
mordendo mazás.

BATÁNS

O tempo do liño
nos vosos movementos
máis curvos que muíños.

VENTO

O vento que zoa
dobrega as árbores
e detense ante vós.

PRAIA

Sorrían as rochas.
Sorrían as ondas.
Sorrían as cunchas

sobre a area porque
sorriades vós.

ROCHAS

Eróticas
como os arcos
da Praia das Catedrais.

FONMIÑÁ

Baixo o rego das pedras
escóitase o son primordial
da auga que somos.

CALDALOBA

O espazo de antes
do noso espazo
era xa o voso espazo.
Porque eran belas
as xestas, as lobas
e as mulleres medievais.

PASATEMPO

Tamén vós resumides
as horas do mundo.
Mais nin este mundo
nin ningún outro mundo
resúmevos a vós.

DURMIDEIRAS

Respirar coa buguina,
saloucar co menhir,
latexar coa espuma
do mar pola memoria.
Durmideiras sobre a herba.

DUNAS

Perderme en cada duna.
Encontrarme en cada gran
dunha unánime area.

ESTANQUE

Transparentes naceron
as ondinas dos estanques
nas augas transparentes.

BAROÑA

A que veu do mar.
A que mora na lúa.

A que fica na terra.
O castro recuperou
o tempo das sereas,
das aluadas e das lobas.

VILADONGA

Percorridos circulares
como o vento que zoa.

FORNOS

Só quero consumirme
nos vosos altos fornos.
Como se forxa o ferro.

BRÚ NA BÓINNE

A espiral primixenia
eran tres na prehistoria.

TARA

Soamente pedra fita
na terra fértil e fecunda
dos vosos outeiros
ubérrimos e ancestrais.

VILAROLGA

Vermella con lobas.
Mariña con lontras.
Donicela con poldras.
Trilobite con raposas.
Libres sen outra cousa.

(De *Ámote vermella*, Vigo, Xerais, 2009)

EU SON GREGA

Prends le risque
“Je suis grecque”,
na voz de Melina Mercouri

Nacín
grega.

Malia que nacesse
nas aforas
do pensamento da cidade,

como a poesía nun risco.

Malia que se combata
a miña condición de Antígona.

Malia que se ignore
que son Lisístrata exiliada.

Malia que se ocupen
globalmente
o chan e o pensamento de Grecia.

Eu
son
grega.

Son
Afrodita
pensante.

E porque non teño ningunha nacionalidade,
porque precisamente son e non teño,
son grega.

NÓS SOMOS DOUS

Είμαστε δυο, είμαστε δυο
Mikis Theodorakis, "Είμαστε δυο"

Nous sommes deux, nous sommes trois,
nous sommes mille vingt et trois,
Versión de Georges Moustaki

Libres seres libres con independencia vivimos libres con vós
Carmen Blanco, "Marchando máis alá",
letra galega da Marcha Mundial das Mulleres,
interpretada por Pilocha e Milladoiro

En primeiro lugar
todo foi Caos,
e del xurdiron Noite
e Escuridade en tebras.
Mais Eros primordial
brotou da sombra
e resultamos dous
xa no comezo.

Nós fomos dous,
e fomos tres,

e fomos múltiplos de tres:
unión libre de máis
en máis aló de nós.

Amando a quen ama e a quen soña,
soñando por quen soña e por quen ama:
ti amas dicindo "amo, mais non teño amo"
e eu nunca fun máis eu que cando ameí.

Mulleres que escriben
coas libres linguas de Lilith
sobre os lindes de Gaia,
integráis estranxeiras cal cantares,
eróticas sempre heréticas e sempre heteroxéneas,
amores dos amores, xermolos
de máis paz, xustiza e liberdade,
lugares de todos os tempos sen lugares,
exilios nos exilios, creacións ceibes,
meus amores celtas, teus amores lobos,
mariña, noso amor máis tolo...

E diverxentes converxemos con Heráclito
na harmonía exponencial do iris infinito
tensando arcos apaixonadamente ácratas
en liras docemente libertarias.



Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer retratados por José Reigosa